

ANEXO II

addenda PROXECTO LINGÜÍSTICO

CEIP Manuel sueiro
Curso 2016/2017

ÍNDICE

Introdución.

I.- Lingua materna predominante.

II.- Actividades e estratexias de aprendizaxe.

III.- Modificación de impartición de materias.

IV.- Programas e actividades:

A. Realizadas no curso 2015/2016

B. Previstas para o curso 2016/2017

Aprobación.

ADDENDA

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

INTRODUCCIÓN:

O Decreto 79/2010 de 20 de maio, regula o uso das linguas no sistema educativo. No seu artigo 14 di que cada Centro elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro anos, e que formará parte do seu Proxecto Educativo.

En virtude do artigo catro do mencionado Decreto, o EDL do centro elaborou a addenda do proxecto lingüístico e que presentou a todo o claustro e comisión de coordinación pedagóxica.

O Claustro de Profesores e o Equipo de Dinamización da Lingua do Centro considera que a lingua galega é un elemento básico de identidade cultural e que une a toda a comunidade educativa que a fala , polo que ao amparo da Lei 3/1983 que propón que se garanta o uso en igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, favorecerá e impulsará esa igualdade para que ao rematar a Educación Primaria , os alumnos e alumnas deste Centro teñan competencia, oral e escrita, nas dúas linguas.

I LINGUA MATERNA PREDOMINANTE

O Centro, en virtude do establecido no Decreto 79/2010 solicitou información aos pais/nais de 4º nivel de educación infantil sobre a lingua materna dos seus fillos para establecer a lingua predominante, segundo modelo que se achega como ANEXO, sendo esta a **lingua galega (60 % do alumnado Ling. galega, 40% Ling. castelá) .**

Tendo en conta ao alumnado de 5º Ed. Infantil (80% castelá e 20% galego), e que o alumnado de 4º e 5º de Ed. infantil están na mesma aula, así coma que a contorna sociolingüística do noso centro é castelán falante, determínase que será esta, a **lingua castelá , a lingua vehicular nas aulas de Educación Infantil**, aínda que se fomentará que o alumnado teña un coñecemento parello das dúas linguas.

Este curso, desde o EDL, temos programado actualizar os datos relativos á situación lingüística da nosa comunidade educativa cun cuestionario que anonimamente cumprimentarán todas as familias do noso alumnado xa que o ano pasado non se chegou a realizar.

II ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE

Na programación de aula estableceranse as actividades e estratexias para que o alumnado adquira competencia oral e escrita nas dúas linguas oficiais, entre as que figurarán:

- Apoio individualizado ao alumnado con dificultades en algunha das linguas.
- Reforzo educativo na lingua na que teña maiores dificultades partindo da lingua oral.
- Traballar o vocabulario básico nas dúas linguas.
- Axudarse de contos, cancións, poesías, xogos de patio, dramatizacións, para fomentar o uso das linguas oficiais.
- Axudarse de material audiovisual (películas, internet, xogos, etc...) que sirva de reforzo visual a adquisición de vocabulario

- Traballar o específico e diferente nas fonéticas das dúas linguas.
- Partir de experiencias próximas ao alumnado para ampliar o seu vocabulario.

III- MODIFICACIÓNS DA IMPARTICIÓN DE MATERIAS:

Polo que se refire a este punto, no centro este ano non hai variación en relación as linguas en que se impartirán as diferentes materias con respecto ao aprobado no Proxecto Lingüístico do centro por mor da nova distribución horaria da LOMCE, quedando como segue no seguinte cadro. Nel, figuran as materias que se imparten en cada lingua, por cursos, no presente curso escolar 2016-2017:

MATERIAS	1º			2º			3º			4º			5º			6º		
	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING	GAL	CAST	ING
Lingua Galega	4			4			4			4			4			3		
Lingua Castelá		4		4				4			4			4			3	
Lingua Inglesa			2			2			3			3			3			3
Matemáticas		5		5				4			4			5			5	
Ciencias Sociais	3			2			3			2			2			3		
Ciencias Naturais	2			2			2			2			2			2		
Educación Física	2			2			2			2			2			2		
Relixión/AE		1		2			1			1			1			1		1
Expr. Artística		1	1	1		1		1	1	1	1		1	1		1	1	
Libre configuración											1						1	
TOTAL	11	11	3	11	11	3	11	10	4	11	11	3	11	11	3	11	11	3

De contar con alumnos ou alumnas que non teñan coñecemento de Lingua Galega ou Castelá, arbitraranse medidas de reforzo para que logren o aproveitamento necesario en todas áreas que se lle impartan.

Asemade, seguiremos contando con dúas seccións bilingües en 1º e 2º de Ed. Primaria. Para o próximo curso propómonos aumentar o número de seccións bilingües no centro.

IV.- PROGRAMAS DE ACTIVIDADES

A. REALIZADAS NO CURSO 2015/16

Como en anos anteriores, o programa de actividades para fomentar o emprego do galego no noso centro está reflectido na memoria do **Proxecto de fomento do uso de galego**. É de salientar que na edición do curso 2015/2016 o programa desenvolvido polo noso centro **acadou unha boa puntuación entre todos os CEIPs da Comunidade Autónoma de Galiza** recibindo uns orzamentos de 281 euros para poder polo en práctica.

Polo que se refire ás **linguas estranxeiras**, participamos no programa de seccións bilingües e no de Auxiliar de conversa cuns resultados moi satisfactorios en canto a súa aplicación. Este curso continuamos participando nos dous. A auxiliar de conversa volvéronnola aumentar a 12 horas despois de ter sido reducida á metade o curso pasado.

Asemade, a práctica totalidade das actividades realizadas no **proxecto de biblioteca** do curso pasado foron encamiñadas a traballar as dúas linguas oficiais en Galiza e a lingua inglesa. Dito proxecto de biblioteca foi un dos mellores valorados da provincia de Ourense, contando cunha achega orzamentaria de **1000 euros**. As actividades realizadas figuran na Memoria de fin de curso da biblioteca.

B. PREVISTAS PARA O PRÓXIMO CURSO

O programa de actividades para fomentar o emprego do galego no noso centro será reflectido no **Proxecto de fomento do uso de galego**, que presentaremos ante a Secretaría Xeral de Política Lingüística nos prazos que se establezan. Asemade, acordamos participar, no programa de **seccións bilingües e de auxiliar de conversa**, que tan bos resultados acadou o curso pasado.

No Plan anual de lectura, Anexo III da PXA, figuran as actividades que desde o equipo de biblioteca se organizarán no curso 2016/2017 para traballar as tres linguas que se imparten no noso centro.

A presente addenda ao Proxecto Lingüístico deste Centro foi aprobado por unanimidade polo Consello Escolar na reunión que tivo lugar o día 18 de outubro de 2016, do que como Secretario dou fe.

Visto e Prace
A Directora

O Secretario

Asdo Ana Sánchez-Brunete Alija

Asdo: M^a Norberto Blanco Dorrió

